



Que nos fai especial?



Levamos máis de 4 anos inmersos no **proxecto abalar**, polo que cada alumno/a ten o seu portátil asinado.

Desde o curso 2015-16

participamos no **EDIXGAL**, polo que os/as alumnos/as empregan o portátil como libro dixital. O ML métese no século XXI deixando atrás os libros de texto en papel.



As **comunicacións** coas familias combinan o trato persoal coa axilidade que achegan os servizos de mensaxería instantánea e a plataforma do **Espazo Abalar**.

Tendo en conta a importancia da competencia nas linguas estranxeiras somos un **CENTRO BILINGÜE**.



Os **grupos reducidos** permiten unha atención individualizada das necesidades do alumando.



Por outra banda, a **metodoloxía de proxectos** estanos a permitir unha maior implicación e comprensión por parte do alumando.

Instalacións do centro

O **ML** é un centro xove que grazas á constante inversión conta cunhas instalacións das que sentimos orgulloso.




Aproveitando os grupos reducidos lógranse facer prácticas no **laboratorio de ciencias**. Grazas á recente ampliación da dotación cada alumno/a conta cun equipo informático para completar os seus proxectos de investigación na



aula de informática. Co fin de mellorar a ergonomía substituímos as cadeiras por pelotas de pilates. Estes traballos



poden ser expostos en calquera dos **proxectores** instalados na totalidade de aulas do centro. Destacar proxectos artísticos e tecnolóxicos dos nosos obradoiros de **Plástica e Tecnoloxía**.



Invitámosvos a asistir a un dos múltiples **concertos** que realiza o alumando grazas ao traballo na aula de música.



1.3 20216

Que supón estar no instituto?

A chegada ao instituto supón un reto importante para o alumnado e para a familia. Como todo cambio trae dúbidas e esperanzas. O ML querevos acompañar



desde 6º ata que vos sintades un máis da **familia do ML**.

A madurez vén precedida da

adolescencia polo que é de esperar inxerencias e conflitos. Para axudar nesta etapa traballamos na **mediación** implicando a



familia, profesorado e estudantes mediante un diálogo fluído. Grazas a este **traballo en equipo**

podemos proporcionarlles a seguridade que necesitan nesta fase de liberdades e responsabilidades.



Axudarémoslles entre todos a adquirir uns **hábitos de estudo**, que virán da man duns hábitos saudables de alimentación, sono e deporte. Resaltar a importancia do fomento dun uso **responsable** e acorde coa **idade** dos teléfonos móbiles e redes sociais.





Datas importantes

1-15 de Febreiro
Solicitudes para os centros adscritos

Antes do 1 de marzo
Publicación de vacantes dos IES

1 ao 20 de marzo
Presentación de solicitudes centros non adscritos

1 ao 7 de abril
Presentación de documentación xustificativa

Antes do 27 de abril
Publicación provisional de admitidos

Antes do 15 de maio
Publicación definitiva de admitidos

Do 25 de xuño ao 15 de xullo
Formalización de matrícula



IES Mestre Landín
Pazo da Raña, s/n 36915 – Marín
T: 986 891989 Fax: 986 884012
ies.mestre.landin@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesmestrelandin

BENVID@S AO MESTRE LANDÍN

